

TEMA 12.- A GUERRA CIVIL (1936-1939)

INTRODUCCIÓN

- Feito máis destacado da historia da España do S.XX.
- Dividiu á sociedade española en dous bandos irreconciliables.
- Causa inmediata: o fracaso da insurrección militar de xullo de 1936 contra o goberno lexítimo da República.
- **Zona insurrecta:** instauración dun réxime político inspirado nos fascismos europeos, contra os valores e cambios da República.
- **Zona republicana:** mantívose a lexitimidade democrática; algúns sectores propiciaron unha revolución ca esperanza de cambios económicos e sociais radicais.
- **Consecuencias traumáticas:**
 - Gran mortalidade.
 - Desastre económico.
 - Fin dun goberno democrático.
 - Comezo dunha ditadura militar.

1.- O PREÁMBULO DA GUERRA

- **Xustificación** do golpe militar: medo ao triunfo dunha revolución comunista ca axuda da masonería. O “Movemento Nacional” era inevitable para salvar a España.

- **Hipótese falsa.**

- **Certo:** na **primavera de 1936** había un deterioro; o goberno republicano non actuou con firmeza e habilidade. Consecuencia: **radicalización da división social e ideolóxica do país.**

1.1. Os gobernos do Frente Popular

- **Eleccións 18 febreiro 1936:**
 - Triunfo do Frente Popular.
 - Presidente da República: **Niceto Alcalá-Zamora.**
 - Presidente do Goberno: **Manuel Azaña.**
- Aplicación inmediata do programa do Frente Popular, composto por catro eixes fundamentais:
 - Continuación da Reforma agraria.
 - Continuación da Reforma educativa.
 - Amnistía para os presos políticos do “Bienio Negro”.
 - Restablecemento da Generalitat e pulo definitivo aos Estatutos vasco e galego.
- **Destitución de Alcalá-Zamora** (sen consenso parlamentario). **Presidente da República, Manuel Azaña; xefe do goberno, o republicano galego Santiago Casares Quiroga.** Incapaces de evitar o deterioro da orde pública, manifesta en:

- Violencia no campo: folgas, ocupacións de terras... sobre todo en Extremadura e Andalucía.
- Aumento da conflitividade social nas cidades: queima de conventos...
- Atentados políticos por parte de grupos extremistas (falanxistas e monárquicos / comunistas e anarquistas). Destaca o asasinato do tenente da Garda de Asalto por falanxistas, **José del Castillo**, e, como represalia, o de **José Calvo Sotelo**, deputado o dirixente monárquico de Renovación Española, por anarquistas.

1.2.- A radicalización social e política

- **A Dereita:** incremento das actividades violentas da Falanxe Española e das JONS, de ideoloxía fascista; adestraban a unidades paramilitares. A resposta do goberno foi a persecución legal: detención e encarceramento do seu dirixente, **José Antonio Primo de Rivera**.
- **A Esquerda:** tamén radicalización, sobre todo en sectores do PSOE e, sobre todo, da CNT (anarcosindicalistas, partidarios de medidas revolucionarias radicais).
- Sen embargo, **a guerra non era inevitable**; unha situación similar dábase noutros países europeos e non acabou nunha guerra civil. A diferenza estaba en que, en España, había unha **vontade golpista por parte dun sector do exército**.

1.3.- A conspiración militar:

- **Golpe de Estado fracasado do xeneral Sanjurjo, 1932:** exemplo desa vontade golpista dunha parte do exército, sempre hostil á República.
- **Triunfo do Frente Popular:** proposta do xeneral **Francisco Franco** de declarar o estado de guerra; fracasou por falta de apoios.
- **As conspiracións antirrepublicanas foron constantes.**
- Resposta do goberno: consciente do perigo, colocou nos principais mandos a militares fieis ao réxime republicano; os menos adictos foron apartados (ex.: Franco a Canarias) a postos e destinos menos importantes.
- **Primavera de 1936:** comezan a tramarse varias conspiracións. O responsable directo era o **xeneral Mola**. O obxectivo, unha acción militar rápida, utilizando o grao de violencia que fose necesario, para triunfar en poucos días en todo o país. Había, pois, un **propósito intencional violento**.
- O golpe adiantou se ao **18 de xullo do 36** polo impacto do atentado contra Calvo Sotelo.
- A conspiración militar estaba en **contacto cunha trama civil** de importantes financeiros e industriais, que financiaron o golpe.

2.- A INSURRECCIÓN MILITAR E A SÚA RESPOSTA

- Inicio da sublevación: Melilla, 17 de xullo de 1936.

- Franco pose á fronte do exército africano.
- Fusilamento dos militares ao mando fieis á República. O mesmo no resto do país.
- **18 de xullo de 1936:** alzamento en Sevilla, a nos días seguintes no resto de España. Declarouse o **estado de guerra**.

2.1.- España dividida

- Inicialmente a insurrección non tivo éxito en todas partes, e **o país quedou dividido**:
 - Os rebeldes triunfaron na España rural.

- O resto mantívose fiel á República (conservou as cidades máis importantes e as zonas industriais).
- As tropas africanas foran freadas no estreito de Xibraltar pola Armada, na súa maior parte fiel á República.

A).- A ESPAÑA FIEL Á REPÚBLICA:

- Creación de numerosos comités locais e provinciais: asumiron a administración das institucións e crearon milicias populares.
- O Goberno legal da República, os gobernos do País Vasco e Cataluña, e os alcaldes, continuaron representando a legalidade.
- Pero o poder popular vai desprazando ao dos políticos.
- Nalgunhas zonas cometéronse abusos de poder (por exemplo, contra o clero).
- O exército practicamente desapareceu (para restar forza aos rebeldes). O esforzo militar republicano foi asumido nos primeiros meses polas milicias populares.

B).- A ZONA INSURRECTA:

- Os xenerais rebeldes, con violencia extrema, foron substituíndo aos alcaldes, gobernadores e xefes militares legais da República.
- Militantes ou simpatizantes do Frente Popular foron asasinados ou fusilados sen xuízo.
- Comeza a **Guerra Civil**, non prevista polos insurrectos, e unha época de gran violencia.
- A poboación civil quedara forzosamente situada nun ou noutro bando, independentemente da súa ideoloxía.

2.2.- A dimensión internacional da guerra

- A Guerra Civil española conmocionou a todo o mundo occidental. En xeral, a opinión pública internacional posicionouse a favor da democracia republicana, en contra do fascismo.
- Os dous bandos pediron axuda exterior.
- A URSS viu a oportunidade de estender a súa influencia política. Mobilizou homes e recursos a favor da República.
- O **exército franquista** tivo a axuda de Hitler (Lexión Cóndor) e de Mussolini. Sen ela sería difícil gañar a guerra.
- **Os republicanos** obtiveron o apoio da URSS e, en menor medida, de Francia. Destaca o importante papel das **Brigadas Internacionais**, voluntarios procedentes de diversos países para salvar a República.
- **As democracias occidentais**, sobre todo Francia e R.U., propiciaron un **Comité Europeo de Non-Intervención**: vixiar que non se enviase material de guerra a ningún dos dous bandos. Nin Alemaña nin Italia o acataron.

3.- FASES MILITARES DA GUERRA

- A iniciativa correspondeu, case sempre, ás tropas insurrectas.
- Diferéncianse tres fases:

1ª fase: os primeiros meses da guerra: xullo-décembro 1936.

2ª fase: da batalla do Jarama á do Ebro (19137-1938), as dúas grandes batallas que decidiron o final da guerra.

3ª fase: a rendición final (23 dec. 1938-1 abril 1939). Período final, de descomposición da resistencia republicana e de grandes avances das tropas golpistas.

4.- AS RETAGARDAS

- Nas retagardas dos dous bandos houbo importantes transformacións económicas e sociais.

4.1. A zona republicana

- Desde comezos da guerra déronse **dous fenómenos**:
 - **Aparición dun poder popular** que realizou a colectivización económica.
 - **A ruptura política** do bando republicano.
- **As organizacións obreiras crearon comités** cun poder independente dos políticos institucionais. A primeira medida foi a **colectivización das terras e fábricas**, autoxestionadas polos traballadores; creáronse **comunas de xornaleiros** no campo. Nas zonas onde dominaba a pequena e mediana propiedade, non foi tan frecuente.
- **Durante 1937, o goberno republicano conseguiu recuperar o control**, sometendo aos comités populares.

4.2. A zona nacional

- **A morte en accidente do xeneral Sanjurjo** (xullo do 36), deixou un baleiro de poder. Este vai ser asumido por **Francisco Franco**, que é proclamado **Xefe do Estado e Xeneralísimo dos exércitos**.
- Polo tanto, **predominio popular no exercicio do poder**. O primeiro que fixo Franco foi contrarrestar a obra da República e prohibir os partidos políticos, agás Falange e Comunión Tradicionalista (carlistas).

4.3. A violencia e a represión

- **Represión, a miúdo violenta**, nos dous bandos, contra os grupos políticos e sociais considerados inimigos. Como en todas as guerras civís, mesturábanse odios persoais e sectarismos políticos.
- Calcúlase que, no conxunto de España, perderon a vida por causa da violencia política na retagarda máis de 300.000 persoas.
- **Zona republicana**:
 - Toda persoa sospeitosa de apoiar a sublevación militar ou de simpatizar con ela, foi obxecto de persecución e, en ocasións, rematou asasinado.
 - As causas non correspondían, en xeral, coas presuntas actividades golpistas dos perseguidos, senón de situacións anteriores: tensións sociais que xeraran odios ancestrais, etc..
 - Todas as organizacións antifascistas tomaron parte na represión dos primeiros meses da guerra. O Goberno foi incapaz de dominar a situación. Incluso, agás no País Vasco, durante toda a guerra foi prohibido o culto relixioso.
 - A partir de decembro de 1936 conseguíuse restablecer certa orde e houbo chamamentos por parte das forzas antifascistas para evitar asasinatos. Pero a represión e violencia civil continuou un ano máis.
- **Zona insurrecta**:
 - Vivíuse en **clima de terror**, ás veces máis acentuado incluso ca na zona republicana, co agravante de que ningunha voz, nin sequera a da xerarquía católica, se alzou contra a represión.
 - O obxectivo eran persoas de recoñecida pertenza e fidelidade á República, seguindo as ordes das autoridades militares.
 - Episodios como os fusilamentos sen xuízo de máis de 2000 persoas na praza de touros de Badajoz, a represión sanguenta en Málaga, os fusilamentos

no País Vasco, ou os “paseos” de campesiños andaluces ou mesmo en Galicia, son exemplos dese clima de violencia.

➤ A cifra de encarcerados e mortos polas forzas franquistas, é moi superior á da zona republicana.

5.- AS TRAXECTORIAS POLÍTICAS

- A evolución política nas dúas zonas estivo marcada pola loita polo control do poder.

5.1. A España republicana

- Necesidade de formar un Goberno central de unidade e de devolver o poder ás institucións republicanas. Tamén de crear un exército regular que substituíse aos milicianos.
- **José Giral dimitiu como presidente do Goberno e foi substituído por Largo Caballero**, dirixente do PSOE. gobernou desde setembro de 1936 ata maio de 1937. Tamén se fixo cargo do Ministerio de Guerra.
- Largo Caballero Formou un goberno de unidade que pouco a pouco **recuperou os poderes do Estado**.
- O **Partido Comunista** foise impoñendo ata ser o partido máis influínte no goberno. Pero a marcha da guerra provocou **numerosos enfrontamentos no seo do goberno**, sobre todo entre os comunistas e Largo Caballero.
- A crise política precipitouse a partir de maio de 1937: enfrontamentos armados en Barcelona. Causaron máis de 500 mortos. Resolveuse co envío polo goberno republicano de gardas de asalto e a derrota dos anarquistas.
- **Os comunistas precipitaron a crise do goberno. Azaña** destituíu a Largo Caballero e nomeou presidente do goberno ao socialista **Juan Negrín**, que se mantivo no cargo ata o final da guerra. A influencia dos comunistas aumentou.
- **A política de Negrín era da resistencia a morte**. Plasmouse nun programa, “**Os 13 puntos**” nos que tanteaba a posibilidade dun armisticio. Franco respondeu ca esixencia da rendición incondicional.

5.2. A España “Nacional”

- **Ninguén discutía a primacía militar de Franco**. Pero no **terreo político, había discrepancias**. O feito máis grave foi un enfrontamento a tiros en Salamanca entre falanxistas, que causou varios mortos.
- Reacción de Franco: 1937, **decreto de unificación** polo que se creaba un **partido único** ao estilo fascista. Franco pechaba o círculo do seu poder absoluto.
- **Apoios ideolóxicos do novo réxime franquista:**
 - O pensamento falanxista.
 - O carlismo, que achegaba a tradición e a espiritualidade católica.
 - O conservadorismo monárquico.
 - A **Igrexa** converteuse nunha aliada do novo réxime, aínda que houbo diferenza co Vaticano e dentro da Igrexa española (ca Igrexa vasca). Os bispos españois cualificaron o alzamento militar como unha “Cruzada cristiá”, co que lexitimaban aos golpistas ante a opinión católica internacional.

6. REFLEXIÓN FINAL: E TODO ISTO, POR QUE?

- A Guerra Civil foi unha traxedia para a sociedade española do S.XX.

- Podemos distinguir **dous tipos de causas**: as anteriores á década de 1930, e as próximas, que xurdiron durante o período republicano.

6.1. As causas remotas

- A maneira de levar a cabo a revolución liberal en España.
- A actitude e mentalidade do exército.
- O atraso na modernización ideolóxica e económica do país.
- A influencia das ideoloxías internacionais dominantes (nazismo, fascismo e comunismo).

6.2. As causas próximas

- A crise económica e social internacional dos anos 30, que coincidiu co período republicano en España; tivéronse que tomar decisións radicais. As alternativas políticas a esta crise eran:
 - **O reformismo democrático** (ex.: Francia e Reino Unido).
 - **A reacción fascista** (ex.: Alemaña e Italia).
 - **A revolución comunista** (ex.: URSS).
- En España a República optou polo reformismo, pero foi incapaz de resolver os conflitos.
- **O “motivo intencional”**: había unha vontade dun sector do exército de solucionar os conflitos pola vía fascista. É dicir, había vontade de iniciar un conflito por parte de quen podía desencadealo. **Foi o detonante do desastre que se derivou.**

6.3. Consecuencias da guerra:

- Aumento do odio entre os españois. Desexo de aniquilación do contrario. Os que venceron excluían e perseguiron aos que non se sumaron ao seu bando.
- Miles de combatentes republicanos e familias enteiras que defenderan o goberno lexítimo tiveron que exiliarse.
- Máis de medio millón de mortos. 250.000 persoas ingresaron en prisións ou campos de traballo forzado ao rematar a guerra.
- Graves consecuencias culturais: quedou destruído o esforzo cultural e educativo da República; os membros da Xeración do 27 e os mais notables científicos e artistas morreron na guerra, foron asasinados ou exiliáronse. Desertificación cultural, represión e censura.
- Graves consecuencias económicas. Racionamento e privación de bens básicos na posguerra.
- Consecuencias políticas: final da máis importante experiencia modernizadora e democratizadora que tivera España. Ditadura, represión, falta de liberdade política e supresión de dereitos fundamentais das persoas.
- Illamento internacional de España. Quedamos fora do progreso de Europa a partir de 1945.